



O pasado día 17 de xaneiro, **ANPE Galicia reuniuse cos representantes de educación dos tres grupos parlamentarios presentes no Parlamento Galego para trasladarlles as reivindicacións** da nosa Organización Sindical para que as poidan ter en consideración á hora de elaborar os seus programas políticos de cara ás eleccións autonómicas que se celebrarán o 18 de febreiro.

1. ANPE Galicia considera fundamental que se dote de estabilidade a calquera desenvolvemento normativo relativo á Educación. É básico que todas as forzas políticas alcancen un acordo de mínimos que se manteña de xeito estable no tempo con independencia da formación que ostente o goberno autonómico.
2. Por outra banda ANPE, como única organización presente na Mesa Sectorial de Educación que defende exclusivamente o Ensino Público, considera que para mellorar a calidade do mesmo as políticas educativas deben basearse en tres principios básicos: **redución de ratios en todas as etapas educativas, redución do horario lectivo do profesorado e dotación de medios económicos e recursos materiais e humanos para todos os centros docentes da nosa Comunidade.**
3. Outro aspecto que desde ANPE Galicia trasladamos a todas as forzas políticas é a imperiosa necesidade de **abordar dun xeito firme e profundo a problemática da saúde mental do alumnado e do profesorado.** O preocupante incremento de casos de intentos de suicidio, intentos autolíticos e problemas en xeral coa saúde mental do noso alumnado tras a pandemia sanitaria fan imprescindible que a Administración tome nota da problemática e comece a desenvolver políticas tanto educativas como sanitarias para paliar o antes posible a situación producida.

Agardamos que as nosas peticións non caían en saco baleiro e poidan ser incorporadas polas organizacións políticas como elementos básicos nos seus programas electorais para as vindeiras eleccións autonómicas.

Secretaría de Comunicación ANPE Sindicato Independiente, Galicia